

A Garda Civil incáutase de varias plantacións de marihuana en Nigrán, Praia América e Baiona

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 04 Setembro 2014 12:46



A Garda Civil incáutase de varias plantacións de marihuana en Nigrán, Baiona, Cambados e Meaño.

Os responsables das plantacións foron detidos como presuntos autores dun delito contra a saúde pública.

Dentro do marco das actuacións que a Garda Civil vén realizando para a "*erradicación do cultivo e venda de sustancias estupefacientes*", a Garda Civil incautouse onte dun total de 25 plantas de marihuana e varios cogollos en proceso de cultivo, que foron aprehendidas en distintas localidades da provincia: Meaño, Cambados, Baiona e Nigrán.

A Garda Civil do Posto Principal de Baiona incautouse de 3 plantas de marihuana de gran tamaño, con abundantes cogollos en proceso de cultivo, localizadas no interior dunha leira cuxo propietario J.J.F.F., de 43 anos, foi imputado por un delito contra a saúde pública.

Ao outro lado do Miñor, en Nigrán os axentes do Posto Principal de Baiona tamén imputaron a M.I.A.A., de 42 anos, como suposta autora doutro delito contra a saúde pública, á que se lle incautaron 3 plantas de marihuana con varios cogollos en proceso de floración.

A Garda Civil incáutase de varias plantacións de marihuana en Nigrán, Praia América e Baiona

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 04 Setembro 2014 12:46

Noutra intervención levada a cabo nunha leira próxima a Praia América, a Garda Civil detivo tamén a J.C.S.J., de 53 anos, ao que se lle incautaron 10 plantas de marihuana.